

Na Asociación Área Empresarial do Tambre

Organizan unha xornada sobre a procura de emprego no estranxeiro

A Asociación Área Empresarial do Tambre organiza este mércores 7 de outubro unha xornada informativa sobre a procura de emprego no estranxeiro: “Mobilidade laboral e procura de emprego por Europa”

[REDACCIÓN](#) 06 OCT. 2020

[fundación galicia europa](#)

[asociación área empresarial do tambre](#)

[búsqueda de empleo](#)

[mobilidade laboral](#)

[Europe Direct Coruña](#)



A xornada celebrarase no Centro Empresarial do Tambre en horario de 10 a 14 horas. Será presencial para os nove participantes mentres que os relatores se conectarán por videoconferencia. Dadas as medidas de prevención instauradas en Santiago pola covid- 19, a xornada contará cun máximo de nove participantes de moi diferentes perfís. O rango de idade estará comprendido entre os 20 e os 40 anos, a maioría con estudos básicos (ESO) e algunha persoa con estudos superiores.

Os relatores serán **Rosa Sánchez Santos** de Uninova, que falará do programa CE Erasmus for Young Entrepreneurs; **Cristina Villadóniga** de Europe Direct Coruña, que presentará a súa entidade; **Jonatan Santos Seoane** da Fundación Galicia Europa, que falará do corpo de voluntariado europeo; e **José Manuel Maceira** da Confederación Empresarios de Galicia (CEG), que presentará a súa entidade e a Rede Eures.

O obxecto da xuntanza é promover un coñecemento e unha actitude positiva cara á mobilidade laboral e a procura de emprego no estranxeiro nun mercado laboral dinamizado e globalizado. Esta actividade está incluída no marco do **Programa Integrado de Emprego** da Asociación Área Empresarial do Tambre 2019/20.